

A DÍA DE HOXE... QUE SE PODE E QUE NON SE PODE FACER NO RURAL!

1. Se non es profesional, as actividades agrícolas e forestais, están limitadas ao mínimo indispensable para a subsistencia.

Todas as actividades realizadas deberanse facer en solitario ou como máximo con 2 persoas na mesma finca. Coa advertencia de que o agricultor afeccionado ou profesional, deberá acreditar a realización das tarefas agrarias co carné de aplicador de produtos fitosanitarios e cumprindo todas as recomendacións sanitarias.

2. As persoas viticultoras poden realizar as súas tarefas de poda e atado ao ser un traballo que se realiza en solitario e sen aglomeración. Tampouco teñen limitacións nos seus subministros

3. As persoas profesionais da gandaría poden atender o seu gando, fincas e cultivos normalmente.

4. Garántese o subministro das granxas, atención veterinaria, recollida de leite e demais atencións profesionais.

5. Se a actividade non é profesional, tomando as medidas de seguridade e sanitarias necesarias, poderase traballar, coidar ou atender as fincas agrícolas, forestais, colmeas, etc ... ata 500 metros do domicilio habitual.

6. As hortas da vivenda habitual, pódense traballar sen problema.

7. Sacar un animal de compañía a pasear ao igual que nas cidades, sempre nos arredores da vivenda habitual.

Máis información: <https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus>